| <ul style="list-style-type: none"> - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 8 | O mundo animal. Animáis en perigo de extinción. | 31 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece algunhas semellanzas e diferncias nas persoas valorando a diversidade. | TI |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | É quen de identificar situacións de risco | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Cóidase e coida a contorna | |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Imita situacións de xogo simbólico identificando e rexeitando os estereotipos. | |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Fai algunhas aportacións sobre normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas. | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas. | Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 9 | Palabras fermosas | 31 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos. | TI |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control | |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. | |
| CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza. | |
| CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais. | Participa en xogos, axustando o xogo ás súas posibilidades | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos. | |
| CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais. | Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os. | |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos. | Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inxedanzas. | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto | |
| CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino. | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación. | |
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás, e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá mostrando iniciativa e confianza. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación | |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás. | Interacciona nas rutinas e nas actividades cotiás de xeito tolerante e asertivo coas demais persoas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. |

Contidos

- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

O neno e a nena son os suxeitos activos das súas aprendizaxes. O ensino activo persigue aprendizaxes significativas, a construción social e individual de coñecementos e ademáis permite o desenrolo desas actitudes e habilidades que o ensino pasivo non promove.

Pola súa banda o aprendizaxe significativo require actividade motriz e mental por parte do suxeito que aprende. O neno ten necesidade de acercarse a situacións e contextos, de exploralos, de manipular e estudar os obxectos. E non esquezamos que as estratexias de traballo nesta idade siguen baseadas no xogo por ser a actividade natural dos nenos/as e porque é unha das mellores formas que teñen eles para aprender.

Para a realización das diferentes actividades que xurdan ao longo do curso, propondremos diferentes organizacións do alumnado: dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos e de gran grupo, fomentando sempre o traballo colaborativo e cooperativo e que uns poidan titorizar a outros en determinados momentos.

A organización minuciosa dos espazos tamén ten unha relevancia especial, de xeito que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña ao seu alcance unha variedade de actividades para realizar. Fomentaremos os espazos organizados por recunchos flexibles, de xeito que poidan ir variando ao longo do curso en función dos temas traballados, en función dos intereses dos nenos e nenas, ...

Para manter e maximizar a motivación, partimos de aspectos coñecidos e atraentes para conseguir unha actitude favorable cara ás novas aprendizaxes e que estas poidan ser significativas. A motivación para a consecución de logros escolares esixe a análise dos factores socioambientais, familiares e escolares que poidan incidir na aprendizaxe.

A afectividade nesta idade sigue xogando un papel moi relevante porque os sentimentos e as emocións moven as aprendizaxes, e porque o neno e a nena precisan sentirse queridos para medrar na súa autonomía e na valoración positiva de si mesmos.

Investigacións sobre a aprendizaxe recalcan a importancia do medio socionatural, cultural e escolar no desenrolo dos alumnos. A interacción entre o alumnado influe ademáis decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento do rendimento académico e das aspiracións. É importante, en consecuencia, crear e manter un clima de comunicación e interrelación, de aceptación mutua, de empatía, de cooperación e axuda mediante a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

Propoñemos, ao longo de todo o curso, diferentes actuacións dirixidas á diversidade das peculiaridades persoais, dos momentos evolutivos e dos ritmos diferentes de aprendizaxe.

Para promover o desenrolo da representación mental fomentaremos a integración da experimentación e da observación directa e indirecta. A observación directa é básica porque o neno e a nena necesitan partir da súa propia

actividade para coñecer e representar a realidade que lle rodea. A observación, manipulación e experimentación cos obxectos posibilitará o coñecemento das súas posibilidades de acción e o desenvolvemento dos seus sentidos.

Para favorecer novos niveis de desenvolvemento empregaremos tamén a observación indirecta mediante o uso de fotografías, láminas, bits de intelixencia, contos, bonecos e miniaturas de enseres diversos de uso cotidiano e con diferente funcionalidade que favorecerán o xogo simbólico e acercaranos á vida real.

É vital conciliar criterios entre a familia e o centro na educación e nas aprendizaxes, e evitar situacións que poderían producir inseguridade nos nenos e nas nenas e atrasar o seu desenvolvemento. Ademais favoreceremos que o alumnado structure os ambientes e perciba as posibilidades e límites das súas actuacións nos distintos entornos.

O papel do educador será decisivo neste proceso, sendo necesaria una actitude equilibrada, afectiva e disponible nas relacións cos nenos/as. É importante a observación e escoita activa, que capte e responda ás necesidades do alumnado e unha postura de manifesta cercanía coas familias que favoreza o intercambio de información respecto ás inquietudes, intereses e necesidades do neno/a nos entornos familiar e escolar.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Ferramentas tecnolóxicas: ordenadores de aula, tablet de aula, EDI, conexión a internet. |
| Material funxible: ceras duras, semiduras e brandas, rotuladores finos e grosos, lápices, lápices de cores, gomas, folios de cores e brancos, tesoiras, punzóns, almofadas, pegamentos |
| Pizarra magnética, pizarra branca de gran formato e pizarras pequenas brancas e de tiza |
| Material visual: carteis, bits, láminas... |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, ... |
| Material curricular: Currículum, P.E.... |
| Material artístico: pinturas, plastilina, rodillos, refugallo, pintura de dedos, pinceis de distintos grosos, acuarelas, témperas sólidas, tampóns, troqueladoras infantís, gomets e adhesivos variados, material troquelado, cartolinas, papel charón, seda, celofán, pinocho e de embalar... |
| Material non estruturado: de refugallo, pezas soltas, las, abalorios, pompóns, limpiapipas, bastonciños hixiénicos, algodón, pinzas, ... |
| Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns de diversos materiais e tamaños, estrutura de equilibrio, saquiños, aros, ladrillos, picas, canastra infantil, bancos suecos, diana infantil, túnel de gáto, conos, paracaídas, ... |
| Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido, é dicir, todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea; parques, parque infantil de tráfico, biblioteca Concello, museos, tendas, ... |
| Material de xogo simbólico: cociña e cacharriños diversos, banco de traballo con ferramentas, bonecas, cunas, sillas de paseo, maletín do médico, maletín de perruquería, parque de tráfico e vehículos, ... |

Traballarase na aula con material de elaboración propia e introduciranse algúns proxectos ao longo do curso, tanto proxectos de centro como proxectos que vaian xurdindo no ciclo ou na propia aula. A labor docente estará apoiada con 2 cadernillos, un de grafomotricidade, e o outro de lóxica-matemática que detallamos a continuación:

1.- ¡Viva tu ingenio! nº 5. Grafismo creativo, da editorial Mandarina Edelvives.

2.- Matemáticas 3, Educación Infantil, da editorial Anaya

Ademais contamos con outros recursos:

a) Contos e libros de lectura adaptados a súa idade.

b) EDI (encerado dixital interactivo) para realizar distintas actividades tanto de lectoescritura, coma de lóxico-matemática, coñecemento da contorna, música, inglés, educación vial, ... Así mesmo introducimos os noso alumnado no emprego das novas tecnoloxías, rematando o ciclo de infantil cun uso fluído das mesmas. Contamos cun ordenador de mesa nesta aula, no recuncho das TIC, onde os/as nenos/as xogan con recursos educativos presentes nos propios ordenadores e con outros recursos aos que acceden dende o Symbaloo ao que temos a través de internet.

c) Temos 1 tablet por aula con apps axeitadas á súa idade e que intentaremos conectar co cañón do EDI, para traballar distintas actividades nas que participe todo o alumnado simultaneamente.

d) Quebracabezas, xogos simbólicos, xogos de construción, montables, xogos de lóxica, de mesa, ...

e) Material de motricidade fina: ensartables, cosidos, pinchos, plastilina, plantillas, troqueladoras infantís, ...

f) Material de observación indirecta: posters, bits de intelixencia, tarxetas de vocabulario, ...

g) Material funxible: ceras de cores duras e semiduras, rotuladores finos e grosos, ceras manley, lápices, gomas de borrar, lápices de cores, folios de cores e brancos, cartolinas, papel charol, celofán, pinocho e de embalar, pinturas de dedos, acuarelas, pinceis con distintos grosos, brochas, rodillos, tampóns, troqueladoras, adhesivos e gomets, tesoiras, punzóns, almofadas, pegamentos, e outros materiais.

h) Material manipulativo ABN de elaboración propia, para traballar conceptos matemáticos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo.

Na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA: propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser sirvan para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: titoría, familia ou titores legais, departamento de orientación, servizos sanitarios, sociais, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a saúde incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | | | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | | | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible | | | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X | X | | | | | | |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe | X |
| ET.2 - Educación para a saúde incluída a afectivo-sexual | X |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible | |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos | X |
| ET.7 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------|---|----------|----------|----------|
| Visita de persoa experta | Ao longo do curso poderase invitar a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Contacontos | Organizados dende distintas entidades: concello, editoriais, outros mestres e mestras, familias, alumnado doutros niveis, ... | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Saída de campo | Faranse varias saídas durante o curso para afondar no traballo na aula. | X | X | X |
| Saída de fin de curso | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso | | | X |
| Obradoiros solidarios | As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos, doación de libros, recollida de roupa, xoguetes, alimentos, ... | X | X | X |
| Proxectos medioambientais | Poderemos participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza. | X | X | X |
| Conmemoracións e festas | A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso: magosto, samaín, 25-N, día de Rosalía, entroido, semana do libro, letras galegas, ... | X | X | X |
| Actividades para facilitar a transición a E.P. | Visita ás aulas de primaria e aos espazos de uso no edificio de primaria, xornada de convivencia co alumnado da unitaria adscrita ao noso centro, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro. | | | X |
| Actividades de educación viaria | Organizadas dende o concello e coa participación da policía local a través dunha sesión práctica con bicicletas nun parque de tráfico deseñado para estas idades. | X | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Elementos curriculares presentes nas actividades |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados. |
| Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades. |
| Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades. |
| Temporalización de actividades adecuada. |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Existe coordinación co equipo docente |
| Promóvese a participación das familias |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas |

Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados